



Teaching Guide

Teaching Guide					
Identifying Data				2024/25	
Subject (*)	Design and Development of the Socio-Educational Action		Code		652G03002
Study programme	Grao en Educación Social				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Pedagogía e Didáctica				
Coordinador	Rodríguez Romero, Maria del Mar	E-mail	mar.rromero@udc.es		
Lecturers	Rodríguez Romero, Maria del Mar	E-mail	mar.rromero@udc.es		
Web					
General description	A materia busca ofrecer recursos conceptuais, metodolóxicos e éticos para comprender diversas aproximaciónss metodolóxicas e analizar proxectos e experiencias específicas aplicadas no deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos comprometidos coa democracia participativa, a autoxestión da vida cotiá, á xustiza social e a igualdade de xénero no escenario da crise ecosocial, da potspandemia e do resurxir das posicións antidemocráticas, racistas e contra os dereitos das mulleres e a nenas e as personas LGTBIQ+ A materia busca presentar o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos non como meros dispositivos técnicos senón como opcións epistemolóxicas e prácticas situadas que implican posicionamentos interseccionais e compromisos políticos, sociais e pedagóxicos.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
----	--

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Analizar criticamente procesos, accións e proxectos socioeducativos identificando a súa perspectiva ética e/ou paradigma.	A2 A9 A10 A11	B4 B5	C1 C4
Familiarizarse coas metodoloxías participativas descubrindo as posibilidades que ofrecen para empoderar ás persoas e os grupos sociais e transformar a sociedade e o mundo para cuestionar e revertir o patriarcado, o capitalismo o neocolonialismo e o extractivismo	A1 A9 A10 A11 A18 A19 A20	B2 B4 B5	C1 C4
Vincular a acción socioeducativa e concretamente o deseño e desenvolvemento de proxectos socioeducativos coa extensión da democracia participativa, a xustiza social global e os Dereitos Humanos, das mulleres e das nena, os das persoas co diversidade sexogenérica e os Dereitos da Terra	A1 A9 A10 A11	B1 B2 B4 B5	C1 C4
Aplicar habilidades de reflexión e traballo cooperativo á lectura, interpretación e discusión de fontes primarias de información (documentos impresos, electrónicos, audiovisuais, etc.) e tamén á análise de experiencias de educación social mediante a realización dun traballo de campo.	A6 A8 A9 A10 A11 A13	B1 B2 B5	C1 C3 C4
Utilizar o galego a nivel escrito e oral coa calidade lingüística requirida.		B1 B2	C1 C3
Coñecer referentes profesionais no ámbito da inserción laboral que teñen o galego como lingua de traballo	A20		C4

Contents	
Topic	Sub-topic
NÚCLEO 1. Mapeando os proxectos de acción educativa sociocomunitaria no escenario do procomún e do ecofeminismo	1.1. O proxecto en educación social como construción educativa, sociocomunitaria e política. 1.2. As bases do proxecto: democracia participativa e xustiza social, autoxestión da vida cotiá, dereitos humanos, dereitos das seres humanas, obxectivos de desenvolvemento sostible, obxectivos do bo vivir e sostenibilidade. 1.3. Prácticas de innovación cidadá, creatividade social e micro utopías baseadas nos coidados. 1.4. O proxecto desde diferentes perspectivas epistemolóxicas. A perspectiva adaptativo-conservadora, a perspectiva educativo-reformadora, a perspectiva crítico-transformadora. O interese técnico, o interese práctico e o interese emancipador. Os paradigmas positivista, interpretativo, crítico, postcrítico e desconstructivista. Liñas de Reforma e perspectivas ecofeministas



NÚCLEO 2. : Metodoloxías de participación comunitaria na sociedade dos coidados	2.1. Metodoloxías participativas e Investigación Acción Participativa 2.2. O ilusionismo social 2.3. A fotovoz e as pedagogías feministas 2.4. A metodoloxía Oásis
NÚCLEO 3. Fases e elementos dos proxectos socioeducativos	3.1. O estudo do contexto e a negociación inicial 3.2. O traballo de campo, a devolución da información, o autodiagnóstico e a construción de acordos 3.3. A planificación das accións 3.4. O desenvolvemento das accións 3.5. Avaliación do proceso e dos resultados 3.6. Participación cidadá, grupos de traballo e estruturas organizativas e institucionais 3.7. Ferramentas e técnicas relacionadas coa información, coa participación e coa construción de acordos
Núcleo 4. Procesos participativos, coidados, non-violencia e activismo: orzamentos participativos, laboratorios de participación cidadá, mapas colaborativos e proxectos ecofeministas activistas	4.1. Porta Aberta (A Coruña) 4.2. Decide Madrid 4.3. Rompendo Regras LAB: xustiza reproductiva, alfabetización menstrual crítica e IAP feminista 4.4. Todas somos palestinas: xenealoxía feminista, non-violencia, antibelicismo e activismo textil

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Document analysis	A1 A2 A9 A10 A11 B1 B4	8	25	33
Collaborative learning	A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1	5	20	25
Case study	A1 A6 A8 A9 A10 A11 A18 A19 A20 B1 B4 C3 C4	5	25	30
Directed discussion	A2 A9 A10 A11 A13 A20 B1 B5 C1 C4	12	12	24
Supervised projects	A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B4 B5 C1 C4	12	24	36
Personalized attention		2	0	2
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Document analysis	Presentación comprensiva de documentos multitextuais e análise e reflexión sobre o seu contido en relación con procesos participativos e propostas, perspectivas, experiencias e proxectos estudados.
Collaborative learning	Traballo en equipos, presencial ou on line, para contrastar puntos de vista sobre a información extraída dos documentos, realización de resumos analíticos e aplicación a estudos de caso e resolución de problemas.
Case study	Selección de casos (experiencias, proxectos, etc) para analizar e reflexionar sobre a súa vinculación cos contidos da materia. Presentación de casos e/ou experiencias participativas na Galicia formando parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social". Con unha finalidade dupla: Visibilizar referentes profesionais que utilizan o galego como lingua de traballo. Achegar praxes profesionais vencelladas á participación de diferentes colectivos na Galicia



Directed discussion	Posta en común do traballo de análise e reflexión realizado polos equipos sobre os documentos multitextuais e os casos estudados formulando argumentos con diferentes perspectivas tendo en conta a diversas propostas estudadas na materia.
Supervised projects	Traballo en equipo que implica a realización de traballo de campo en escenarios socioeducativos, aplicando a metodoloxía de estudo de caso ou a análise de documentos multitextuais e a recollida de datos mediante medios dixitais. Esixe asistencia obrigatoria ás titorías planificadas para guiar o proceso.

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	Supervisión nas clases interactivas e nas titorías do traballo en grupo que implica a realización dun estudo de caso. A estrutura e as condicións de realización entregaranse a comezo de curso.

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Supervised projects	A9 A10 A11 A13 A20 B1 B2 B4 B5 C1 C4	Traballo en equipo: análise de estudos de caso, realización de microinvestigación con traballo de campo. Por exemplo, Fotovoz. Criterios de cualificación do análise dos estudos de caso: - Informe: adecuación aos requisitos de estrutura e contido, e elaboración da información. - Apéndices: organización e análise de datos (fotos, resúmos, etc.). - Traballo de campo (cantidade e pertinencia da recollida de datos, número de compoñentes do equipo, complexidade/diversidade dos datos).	45
Document analysis	A1 A2 A9 A10 A11 B1 B4	Proba mixta que permite examinar ideas procedentes das fontes documentais, establecer conexións entre contidos, dar razóns e argumentar e deseñar unha acción socioeducativa a partir dun caso. Criterios de avaliación: - Definición de conceptos: mencionando/recoñecendo aspectos claves. - Explicación de conceptos: presentación razonada das características ou implicacións relacionadas cos conceptos ou identificación de explicacións axeitadas - Relación fundamentada entre contidos de propostas ou proxectos diferentes ofrecendo/recoñecendo información sobre as razóns dos vínculos. - Acción socioeducativa coherente co caso e con as decisións metodolóxicas.	45
Collaborative learning	A1 A2 A6 A9 A10 A11 A13 C1	Cartafol do grupo (10%) Criterios de avaliación do cartafol: - análise da información - presentación da información - número de tarefas de clase incluídas	10

Assessment comments



Cualificación final

Tanto o exame como o traballo colaborativo teñen que ser avaliados con nota mínima de 5 para poder considerarse aptos. Cando algunha das actividades de avaliación non acade a cualificación de aprobado e a suma dos porcentaxes sexa de 5 o superior a 5 a cualificación que figurará nas actas será a obtida na actividade suspensa.

Integridade académica:

Os contidos incluídos nos traballos deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando á citación xusta. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se reelaboran. A presenza de fontes no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

Recoméndase consultar:

www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/GuiaRevMarzo2012APA6taEd.pdf

http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm

Política antiplaxio:

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse. O uso de texto literal ou ideas de outros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

Asemade, "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará como suspenso ou non presentado nesta oportunidade".

É dicir:-Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Para evitar o plaxio debe consultarse:

http://www.ugr.es/~plagio_hum/

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico>

Prazo de Admisión de propostas para o traballo tutelado:

Non serán admitidas propostas para o traballo tutelado unha vez rematado o prazo de admisión fixado na documentación complementaria que será entregar na clase.

Composición dos grupos e traballo:

Nas tarefas en grupo, incluído o traballo tutelado, a avaliación de cada membro variará en función da asistencia a clase, as sesións obrigatorias de seguimento e en función da implicación no proceso. Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación ponde darse variacións na composición dos grupos e no número de compoñentes se, a criterio da profesora, así se asegura a elaboración apropiada do mesmo.

Asistencia:

Cunha asistencia inferior o 80% das clases presenciais non contará a nota da aprendizaxe colaborativa.

É obrigatoria a asistencia do alumnado ao 80% das sesións.

Se realiza o exame sen superar o requisito de asistencia, a cualificación final del alumnado será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado.

Nestos casos o alumnado ten que falar co profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

Dispensa académica de exención de asistencia:

Aqueles e aquelas estudantes que teñan recoñecida a dispensa académica de exención, mediante solicitude previa na Administración do centro, de asistencia serán avaliados a través de traballo e exame individual, igual que aqueles que non cumpran a asistencia do 80% das clases. A nota final será de 50% para o exame e 50% para o traballo tutelado. Será necesario unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia. Nestos



casos o alumnado ten que falar coa profesorado sobre as condicións de realización do traballo.

Condición de NON PRESENTADO

A condición de NON PRESENTADO só será acadada cando non realice ningunha das actividades de avaliación, é dicir nin o dossier, nin a proba de exame nin o traballo tutelado. A realización dalgunha das actividades de avaliación obriga recibir a correspondente cualificación.

Linguaxe non discriminatorio e inclusivo, transversalidade de xénero e interculturalidade::

É obrigatorio o uso dunha linguaxe axeitado, respectuoso e inclusivo que visibilice o feminino, evitando termos discriminatorios relativos a xénero, a etnia, a procedencia social, a diversidade funcional, a orientación sexual, etc. Para respectar os dereitos das mulleres e dos colectivos LGTBIQ+. O cumprimento deste requisito implicará ata medio punto de subida na cualificación. Ou de non cumprirse de medio punto de baixada na cualificación.

Segunda convocatoria

Seguirase os criterios definidos para a primeira convocatoria.

Citas e referencias e citación xusta

Usarase o estilo Chicago ou unha adaptación do modelo de citas APA para facer visible a figura das mulleres e facilitar o análise da paridade das bibliografías. Deberán usarse referencias que aseguren ou estean próximas a paridade na realización dos traballos da materia amosando autoras e autores dun xeito case igualitario. Para ver como é a citación xusta, consulta o recurso realizado pola biblioteca de nosa facultad

[https://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/igualdade/citacion%20xusta%20M%20\(2\).pdf](https://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/igualdade/citacion%20xusta%20M%20(2).pdf).

Pode consultarse, para ver exemplos de citación

<https://biblioteca.uoc.edu/es/pagina/Estilo-APA/>

O cumprimento deste requisito implicará ata medio punto de subida na cualificación. Ou, de non aplicarse, de medio punto de baixada na cualificación.

Transversalidad de género e interculturalidad e ecoloxía:

É obrigatoria a consideración de cuestións inclusivas en materia de xénero, interculturalidade e decolonialismo, e ecoloxía.



Sources of information

Basic	- ALBERICH, Tomás. et al. (2010). Metodologías Participativas. Manual. http://www.redcimas.org/archivos/libros/manual_2010.pd - Encinas, Javier et al (2010). Ilusionismo social. Investigación participativa y culturas populares. http://ilusionismosocial.org/ - Villasante, Tomás R. (2006). Desbordes creativos. Estilos y estrategias para la transformación social.. Madrid: La Catarata - García Barón, Catalina (2005). La cartografía social en la práctica. http://www.quartiersdumonde.org/uploads/documento/archivo/25/Documento_de_sistematizaci_n_de_la_util - ENDA América Latina - Colombia (2003). La cartografía social como recurso metodológico para el proyecto barrios del mundo. http://territorioculturapuj.files.wordpress.com/2010/07/la-cartografia-social-como-recurso-metodolo - Encina, J. y Ávila, María Ángeles (2014). El desempoderamiento. Viviendo la construcción de un nuevo mundo sin poder. Sevilla: Edita UNILCO-espacio nómada - Max-Neef, Manfred (1998). El desarrollo a escala humana. Conceptos, aplicaciones y algunas reflexiones. Barcelona: Icaria - Red Cimas (2015). Metodologías Participativas. http://www.book2look.com/book/wAaFoznPtl - Encina, Javier y Ezeiza, Ainoa (2017). Sin poder. VolapuK - Hernández, Mª Dolores; Martín, Pedro y Tomás R. Villasante (2003). Estilos y coherencias entre las metodologías creativas. Metodologías y presupuestos participativos - Lather, Patti (2006). Paradigm proliferation as a good thing to think with: teaching research in education as a wild profusion. International Journal of Qualitative Studies in Education - Andreotti, Vanessa et al. (2019). Da casa construída pela modernidade o micelio saudável. Sinergias ? diálogos educativos para a transformação social - Andreotti, Vanessa et al. (2015). Mapping interpretations of decolonization in the context of higher education. Decolonization: Indigeneity, Education & Society - Soliz, Fernanda y Maldonado, Adolfo (2012). Guía de metodologías comunitarias participativas Guía No. 5 . Clínica Ambiental - Sanz Vega, Carlos Miguel; Noriega Pérez, Alba; Noguero del Cid, Carmen y Serra Lorenzo, Rubén (2018). Manejo de la técnica Fotovoz como herramienta comunitaria. RqR - Escalante Ruiz, María Gracia (2015). Photovoice: voces sin sonido. Servicios Sociales y Política Social - Instituto ELOS (s/d). Metodología Elos Manual de Bolso . - Fernández Ramos, Javier y Piñeiro García de León, Concepción (2015). Metodología OASIS: vivir el cambio que queremos ver en el mundo EREMOS VER EN EL MUNDO. REVISTA INTERNACIONAL sobre INVESTIGACIÓN en EDUCACIÓN GLOBAL y para el DESARROLLO - Basaigoti, Manuel; Bru, Paloma y Lorenzada, Concha (2001): IAP (Investigación-acción participativa) ?de bolsillo?. Madrid: ACSUR-Las Segovias. Lorenzana, Concha (ed.) (2002): Tomamos la palabra. Experiencias de ciudadanía participativa. Barcelona: Icaria/ACSUR-Las Segovias. Bibliografía xeral - Ander Egg, E. (1988). Formulación de Proyectos de Acción Social. Buenos Aires: Humanitas - Ander Egg, E. (1990). Repensando la investigación-acción participativa. Comentarios, Críticas y sugerencias. Vitoria-Gasteiz: Servicio de Publicaciones, Gobierno Vasco. - Ander Egg, E. (1997). Cómo elaborar un proyecto. (15ª ed.). Albacete: Editorial. Instituto de Ciencias Sociales Aplicadas. - Ander Egg, E. y Aguilar, María José (2005). Guía para diseñar proyectos sociales y culturales. Buenos Aires: Lumen / Humanitas. - Feliz, T. (2010). Diseño de Programas de Educación Social. Madrid: McGraw Hill. - Herrero García, G. Y Ramírez Navarro, J.M. (2006). Manual práctico para elaborar Proyectos sociales. Madrid: Siglo XXI - Parcerisa, A., Ginés, N. Y Forés, A. (Coord). (2010). La Educación social: una mirada didáctica. Barcelona: Graó
Complementary	- Welp, Yanina (2018). Todo lo que necesitás saber sobre las democracias del siglo XXI. Buenos Aires: Paidós - Fdez. Casadevante, José Luis; Morán, Nerea y Prats, Fernando (2018). Ciudades en movimiento. Avances y contradicciones en las políticas municipalistas desde la óptica de las transiciones ecosociales. FUHEM - (). .



Recommendations
Subjects that it is recommended to have taken before
Subjects that are recommended to be taken simultaneously
Theory of Education/652G03001
Subjects that continue the syllabus
Other comments
Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente&nbsp;A entrega dos traballos documentais&nbsp;será en formato virtual e / ou soporte informático. No caso de ter que imprimir algo en papel, por exemplo, carteis, dípticos, etc.; a impresión farase en papel reciclado e a dobre cara. Non se imprimirán borradores, só a versión final. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Fomentarase que os materiais que se desfeiten da materia (papeis, plásticos) se tiren nos respectivos contenedores habilitados para tal fin. Os materiais empregados para a realización das experiencias deben ser na medida do posible materiais reutilizados, realizando campañas no centro para a súa recollida no caso de ser necesario. Intentarase transmitir aos/as estudantes a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade para que estos os apliquen non so na aula, senón nos comportamentos persoais e profesionaisFacer un uso sostible dos recursos e da prevención de impactos negativos sobre o medio natural no relativo a realización dos traballos da materia.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas, analízase os textos tendo en conta estereotipos e nesgos).Será obrigatorio a utilización dunha linguaxe inclusivo e do tratamento da perspectiva de xénero nos traballos da materia. De non ter sido considerados podería penalizarse a nota final con un punto menos por cada aspecto.Traballárase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades o acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.A integridade académica terá que estar presente nos traballos realizados no senso de referenciar axeitadamente as fontes orixinais e usar os modos de citación axeitados para honrar as autoras e autores das ideas utilizados nos mesmos. Non cumprir con este requisito carrexará consecuencias negativas na calificación final en función do alcance da falta cometida.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.